

## PRESENTACIÓN DE XOSÉ MANUEL BEIRAS

Bo día

En nome de todas e todos os presentes ... e de Merlín e familia...

¡¡¡ Benvido X. Manuel á Terra de Miranda !!!

Cando **Carlos Veiga** me invitou para que fixera a presentación de Xosé Manuel Beiras, sentinme moi honrado... ¡grazas **Carlos!**

... nese momento véuseme á cabeza a imaxe dunha barca pequena no medio dun océano en plena tempestade... **espero non naufragar** ...

Como dicía, sentinme pois HONRADO, si, pero tamén IMPRESIONADO ... pola **figura IMPOÑENTE** deste personaxe **galego e universal**, tan singular como coñecido...

....tanto que si fixeramos **unha enquisa entre toda a poboación galega** para que nomearan aos **dous políticos máis destacados** da segunda metade do século XX en Galicia, case con toda seguridade, que sairía o nome de **X. Manuel Beiras**, ao lado, posiblemente, do de Manuel Fraga...

**.... cara e cruz dunha mesma moeda**.... aínda que creo que, para Manuel Fraga, a cruz posiblemente fora X. Manuel Beiras....

Mergullado en Internet fun constatando que Xosé Manuel non so é un **político sobranceiro** senón tamén:

- ✓ Un *profesor* querido e prestixioso
- ✓ Un **escritor** recoñecido
- ✓ **Un experto no mundo rural galego**, do que nos vai a falar ...
- ✓ Un **políglota**
- ✓ **Un intelectual** formado nas mellores catedrais do saber nun momento e nun mundo aínda non globalizado nin preso do pensamento único...
- ✓ Un home **claro, contundente, intelixente e loitador**... curtido en mil batallas dialécticas de ámbito social, económico, cultural e político....

El tal o volume do seu currículo que pensei: “ **para resumir a vida deste home fai falla facer unha tese doutoral ... e non podería resumila nuns minutos....**”

... Así que decidín buscar unha [imaxe máis poética](#) para facer a súa presentación...

1. Primeiro pensei en presentalo como un **deus ou un semideus.....**
  - a. **Se fora deus sería Xúpiter.....** pero desbotei esa posibilidade porque, un home tan pegado á terra, non estaría cómodo no ceo, mirando desde arriba, cando creo que o que lle gusta son as refregas do campo de batalla.....
  - b. **Tamén pensei que podería ser BREOGÁN,** porque non coñezo a ninguén que puidese representalo mellor, pero tamén **o descartei** ao considerar que, un deus como Breogán, non podería debater con Manuel Fraga .... e a nosa historia non se pode permitir perder eses debates históricos...
  - c. **Se fóra un semideus....** sería **HÉRCULES ....¡¡¡podería ser!!!...** pero tal vez os da Coruña quixerían facelo seu .... e os de Santiago podían cabrearse ..... incluso os de Vigo...

## **2. Desbotada a comparación co OLIMPO, pensei no reino ANIMAL**

- a. **Pensei primeiro nun LEÓN ....** pero apartei ese pensamento porque alguén podería pensar que era o “**REI LEÓN**”... e claro, asocialo á monarquía...!!! eu creo que este home ten alma **REPUBLICANA ....**
- b. **Despois pensei nun TOURO,** pero desboteino tamén porque podería ser que alguén **se lle ocorrera pensar** no touro de OSBORNE ..... e decidín que un touro, mouro, non sería bo para a nosa raza ... a rubia galega ...

3. **En consecuencia, descartado tamén o reino ANIMAL, pensei no VEXETAL e decidín que si... unha árbore senlleira, señorial e poderosa sería a mellor imaxe para representar a X. Manuel Beiras:**

- a. **En primeiro lugar** porque ten unha **raíces poderosísimas, presas con rabia ao chan**, á terra galega, da que aspira con ansia o celme, a esencia mesma da vida.
- b. **En segundo lugar** porque ten un **fuste impresionante, soberbio, poderoso**, capaz de facer fronte ás tormentas, ás tempestades, aos ventos furacanados da historia....
- c. **En terceiro lugar** porque, sobre ese fuste, soporta **unha cabeza brillante**, unha copa poderosa con ramas **impoñentes** que **COBREN, PROTEXEN E ACOLLEN** ao tempo que **imploran aos deuses** por unha terra que loita, **contra vento e marea**, polo seu destino.

**CRECENTE VEGA**, un dos grandes poetas contemporáneos da **TERRA CHA**, terra **veciña, amiga e irmá** destas **TERRAS DE MIRANDA**, escribiu:

*“Detrás dos curros, no fonal da veiga,*

*a carballeira dórmese. É a CERNA*

*dos seus carballos, coma o FERRO, ETERNA”...*

Creo que **non hai mellor imaxe** ca dun **CARBALLO SENLLEIRO, SEÑORIAL E PODEROSO**, para representar a este personaxe que, **EN TEMPOS DE INCERTEZA E DE CAMBIOS CONSTANTES**, mantén, contra **VENTO E MAREA**, as súa conviccións .....

..... conviccións que son tan **fortes, tan potentes, tan ETERNAS** como a **CERNA** dos nosos carballos ...

Con todas vostedes **un humanista**, un home que puidera ter nacido no **renacemento**, un home do que se podería dicir o mesmo que CRECENTE VEGA dicía do CARBALLO DE LUXÍS:

*“Ás veces semella un gran **XIGANTE***

*na voz que deixa oír, **ronca e potente**.*

*É como un **aristócrata, ARROGANTE**.*

*É como un **HEROE mítico, IMPOÑENTE**”.*

Con todos vostedes, un home **IMPOÑENTE**,

tan **FORTE**, tan **DURO** e tan **ETERNO**

como a **CERNA DOS NOSOS CARBALLOS**

de Miranda.

Con todas e con todos vostedes, XOSÉ MANUEL BEIRAS.....

III Xornadas da Terra de Miranda.

Riotorto 26 de outubro de 2019

Federico Pérez Morán.